Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información. - As fontes históricas e arqueolóxicas como base para a construción do coñecemento histórico. Obxectos e artefactos como fonte para a historia e o legado material. O significado dos arquivos, bibliotecas e museos e do legado histórico e cultural como patrimonio colectivo. - Condicionantes xeográficos e interpretacións históricas do xurdimento das civilizacións. As grandes rutas comerciais e as estratexias polo control dos recursos: talasocracias e imperios, conquista e colonización. - Violencia e conflitos armados. O crecemento dos exércitos e a evolución do armamento desde os hoplitas. Os civís durante as guerras. - As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - submisión na historia da humanidade. Personaxes femininos na historia. A resistencia á opresión. - A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo antigo: democracias, repúblicas, imperios e reinos. Evolución da teoría do poder. - As raíces clásicas da cultura occidental. A construción das identidades culturais, da idea de Europa, e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte. A influencia das civilizacións xudía e islámica na cultura europea. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade. - Interpretación do territorio e da paisaxe. A cidade e o mundo rural ao longo da historia: polis, urbes, cidades, vilas e aldeas. A pegada humana e a protección do patrimonio ambiental, histórico, artístico e cultural. - España e Galicia no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas. - Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial. - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora. - Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas. - Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural. - Seguridade viaria e mobilidade segura, saudable e sustentable. O espazo público.

UD	Título da UD	Duración
7	Coñecendo os continentes	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflictan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	Acadar a metade dos accidentes xeográficos nunha proba de localización	PE	95
CA1.6 - Representar adecuadamente información xeográfica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	Acadar a metade dos accidentes xeográficos nunha proba de localización		
CA1.7 - Interpretar a contorna desde unha perspectiva sistémica e integradora, a través do concepto de paisaxe, identificando os seus principais elementos e as interrelacións existentes.	Acadar a metade dos accidentes xeográficos nunha proba de localización		
CA2.5 - Representar adecuadamente información histórica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	Acadar a metade dos accidentes xeográficos nunha proba de localización		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbano a través de propostas e iniciativas que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Acadar a metade dos accidentes xeográficos nunha proba de localización		
CA3.8 - Relacionar os cambios nos estilos de vida tradicional e contrastalos cos que son saudables e sustentables na contorna, a través de comportamentos respectuosos coa propia saúde, coa dos demais e cos outros seres vivos, tomando conciencia da importancia de promover o propio desenvolvemento persoal.	Acadar a metade dos accidentes xeográficos nunha proba de localización		
CA3.4 - Mostrar actitudes pacíficas e respectuosas e asumir as normas como marco necesario para a convivencia, demostrando capacidade crítica e identificando e respondendo de maneira asertiva ante as situacións de inxustiza e desigualdade.	Acadar a metade dos accidentes xeográficos nunha proba de localización	TI	5

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Localización espacial: representación do espazo, orientación e escalas. Utilización de recursos dixitais e interpretación e elaboración de mapas, esquemas, imaxes e representacións gráficas. Tecnoloxías da información xeográfica (TIX). - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información. - Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. A visión dos dilemas do mundo actual, punto de partida para o pensamento crítico e o desenvolvemento de xuízos propios. - Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico. - Conciencia ambiental. Respecto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta. - Seguridade viaria e mobilidade segura, saudable e sustentable. O espazo público.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Entendemos que nesta materia imos enfrontar unha serie de dificultades que condicionarán en parte as nosas orientacións metodolóxicas: A principal vai estar na complexidade conceptual de boa parte dos contidos das unidades do segundo e terceiro trimestre, é dicir, nos temas de historia: conceptos como sociedade, política, economía, evolución, causalidade... Poden ser aínda difíciles para o alumnado de 12 anos, entre os cales ademais as diferenzas de maduración poden ser abismais. Metodoloxicamente isto supón facer unha iniciación á complexidade do proceso histórico dende exemplos moi prácticos, intentando fomentar entre o alumnado a empatía que lle permita comprender mellor as formas de vida dun cazador neanderthal, un campesiño exipcio, un hoplita grego ou un escravo romano. A vantaxe está en que a historia adoita ser unha materia agradecida e que adoita gustar aos rapaces, especialmente os períodos que se estudan neste curso e sobre todo se se incide máis na perspectiva da historia da vida cotiá e menos na historia factual, na historia política pura e dura.

Tamén insistiremos na adquisición dunha serie de habilidades ou técnicas que terán que usar ao longo de toda a secundaria nas materias do noso departamento: interpretación de climogramas, de gráficas, de mapas temáticos, de mapas históricos, de eixos temporais, lectura de textos históricos, análise de obras artísticas... ; e insistiremos na

necesidade de utilizar un vocabulario preciso, propio da materia, que o entendan e que se acostumen a usar este léxico cando transmitan o seu coñecemento xeográfico e histórico.

Fomentaremos a participación activa na aula, a transmisión ao resto dos compañeiros dos coñecementos adquiridos a través da corrección conxunta de exercicios, implicando ao conxunto da clase.

No caso da nosa materia o alumnado presenta diferentes ritmos de aprendizaxe de xeito moi marcado. Porén será necesario realizar actividades de ampliación pero sobre todo de reforzo para o caso de alumnas e alumnos de aprendizaxe rápido e de aprendizaxe lento respectivamente, asegurando que satisfacemos as necesidades do alumnado ACNEAE. Por outra banda, adaptaranse moi especialmente as actividades de aula ao diferente ritmo dos rapaces.

Para poder desenvolver unha aprendizaxe activa e participativa nesta etapa partiremos sempre da cooperación do alumnado nas explicacións. A través do método de ¿pregunta-resposta¿ presentaremos os contidos a partir de clases encamiñadas a facer dudar ao alumnado, e á presentación dos contidos partindo dos seus coñecementos previos. Por outra banda, realizaremos traballos individuais que favorezan a autonomía persoal do alumnado, e tamén en grupo que favorezan o traballo cooperativo e os valores que o mesmo fomenta. Todas as clases do tipo que sexan encamiñaranse á consecución dunha aprendizaxe competencial na que os alumnos desenvolvan habilidades aplicables a distintos contextos. Tamén desenvolveremos procesos de autoavaliación e coavaliación que incitan a unha maior implicación do alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe.

Para poder desenvolver unha aprendizaxe activa e participativa nesta etapa partiremos sempre da cooperación do alumnado nas explicacións. A través do método de ¿pregunta-resposta¿ presentaremos os contidos a partir de clases encamiñadas a facer dudar ao alumnado, e á presentación dos contidos partindo dos seus coñecementos previos. Por outra banda, realizaremos traballos individuais que favorezan a autonomía persoal do alumnado, e tamén en grupo que favorezan o traballo cooperativo e os valores que o mesmo fomenta. Todas as clases do tipo que sexan encamiñaranse á consecución dunha aprendizaxe competencial na que os alumnos desenvolvan habilidades aplicables a distintos contextos. Tamén desenvolveremos procesos de autoavaliación e coavaliación que incitan a unha maior implicación do alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe.

Un dos exos fundamentais do ensino é o desenvolvemento das competencias clave, requerido desde hai dous décadas pola UE, o cal vólvese fundamental coa nova Ley Orgánica 3/2020.

Especial mención merece o traballo da competencia dixital, pois este ano o centro entrou a participar no proxecto Edixgal, comezando polos dous primeiros cursos da ESO. Os nosos alumnos terán un dispositivo dixital ou Netbook persoal, e accederemos a través del a diferentes recursos dixitais, entre os cales destacamos Netex.

Por outra banda, o profesorado desenvolverá o proceso de ensinanza aprendizaxe a través de actividades didácticas de moi diversa índole:

Actividades de presentación-motivación:

Para introducir ao alumnado no tema que se aborda e despertar o seu interese sobre os contidos da unidade, poderá establecerse un pequeno debate a partir dalgún artigo de prensa, noticia de actualidade, etc., relacionado co tema a tratar, realizar un remuíño de ideas con preguntas abertas ou analizar e comentar un vídeo relacionado co tema.

Actividades de avaliación de coñecementos previos:

Para obter información acerca de que saben e que procedementos, destrezas e habilidades teñen desenvolvidas os/as alumnos/as sobre un tema concreto, pode realizarse unha tormenta de ideas sobre os principais conceptos da unidade, ou un ¿test de coñecementos previos¿ co que o/a profesor/a pode facerse unha idea de cada alumno/a e da clase en xeral.

Actividades de desenvolvemento dos distintos contidos:

Coa finalidade de que o alumnado adquira novos coñecementos, empregaranse varios métodos: fomentar a interacción na aula, proporcionar situacións de aprendizaxe que esixan unha actividade mental do alumno ou da alumna que lles leve a reflexionar e xustifica-las súas actuacións.

Para iso debemos promover e elaborar na aula unhas estratexias metodolóxicas eficaces, sustentándonos especialmente nestes principios:

¿ Motivación, importante ó pretender a aprendizaxe significativa.

¿ Diversidade, empregando técnicas de traballo diversas.

¿ Metodoloxía activa, coa participación do alumnado en debates, controversias, etc., sen esquecer a exposición teórica.

¿ Indución, como consecuencia do anterior, que o alumnado estableza relacións.

¿ Expositivo, pois os novos conceptos deben ser explicados.

¿ Interdisciplinaria, relacionando os conceptos da materia con outros conceptos ou disciplinas diferentes, para apoiar a aprendizaxe, e lograr un coñecemento universalizado.

¿ Coloquial, mantendo un coloquio ó remate de cada unidade para aclarar dúbidas e resumir os novos coñecementos.

Actividades de consolidación:

Para que os/as alumnos/as contrasten as novas ideas coas previas e apliquen as novas aprendizaxes, realizarán actividades .

Actividades de síntese-resumo:

Para que o alumnado estableza a relación entre os distintos contidos aprendidos, así como contrastalos cos que xa tiñan, poden elaborar mapas conceptuais sobre os contidos da unidade ou elaborar un resume.

Actividades de reforzo:

Para aqueles/as alumnos/as que non alcancen os obxectivos ou que teñen un ritmo de aprendizaxe máis lento deseñaranse actividades destinadas a desenvolver os contidos de reforzo.

Actividades de ampliación:

Para o alumnado que teña un ritmo máis rápido de aprendizaxe realizaranse actividades como a busca de información noutras fontes das proporcionadas de xeito ordinario na aula sobre algún dos contidos do tema.

Nos distintos temas non será necesario empregar todas estas actividades, senón que haberá que axustalas ás características dos contidos e obxectivos a tratar, e ás características do alumnado.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Plataforma EDIXGAL, e os ordenadores persoales ou Netbooks.
Ordenador de aula, proxector e acceso a internet. Este recurso é moi útil, mais non impide o uso tradicional da pizarra para a toma de apuntamentos, debuxo de croquis e apoio á explicación do profesor.
Mapas temáticos do departamento.
Exercicios, fotocopias, e tarefas que sexan elaboración propia do profesor.
Kahoot e outro tipo de software cuestionario.
Youtube, como medio de comunicación e non como fin en sí mesmo.
Aula Virtual do centro, de uso moito máis limitado, mesmo residual, debido á implantación de EDIXGAL.
Google Earth e Google Earth Pro, moi útil tanto para a parte de Xeografía como a de Historia, desde os dispositivos dixitais do alumnado.
Libro de texto, dos fondos da biblioteca do centro, como apoio ás clases

O obxectivo é enriquecer a aprendizaxe, e consideramos que o medio para isto é proporcionar aos alumnos materiais e recursos didácticos variados. Como se pode ver, mesturamos recursos máis tradicionais con outros máis actualizados. De este modo tamén pretendemos desenvolver diferentes competencias. Ao tempo, levaremos a aula todo aquel material máis recente (artigos, páxinas web, documentais, aplicacións informáticas...) que permitan desenvolver actividades o máis diversas posibles. Realizaranse lecturas na clase aproveitando tanto os textos do libro como de noticias e artigos que poidan saír na prensa vinculados aos contidos que se estén dando na clase.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial tratará de detectar o nivel de desenvolvemento competencial máis que o nivel de coñecemento previo de contidos: o primeiro día de clase lévase a cabo unha presentación individual de cada alumna e alumno na que se lles pregunta por hábitos de traballo, dificultades recoñecidas, gustos e habilidades, expectativas sobre a materia, etc. Por outra banda, realizamos un cuestionario escrito o segundo día para valorar o nivel de competencia e coñecementos do alumnado respecto de contidos tratados anteriormente e que se tratarán durante o curso; esta proba tamén inclúe un pequeno texto con preguntas sinxelas para valorar a capacidade lectora do alumnado. O mesmo realízase de xeito individual e escrito pero coa participación activa do docente na observación da súa resolución. A partir das dúbidas que presentan os alumnos, do seu comportamento cara a resolución de exercicios, a súa capacidade para seguir instrucións e o seu nivel de contidos, detectaranse as posibles dificultades presentes no alumnado. Polo tanto, trátase dunha proba escrita pero a finalidade da mesma é observar o alumnado na súa

resolución e tomar nota das súas competencias e comportamentos de cara á materia, tanto individuais como os que amosan como grupo. Atendendo aos resultados incidirase máis nun tipo de actividades ou noutras, partindo da idea de que os estándares de aprendizaxe teñen que abranguer o abano máis amplo posible de competencias clave.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	14	14	14	14	14	14	16	100
Proba escrita	95	95	95	95	95	95	95	95
Táboa de indicadores	5	5	5	5	5	5	5	5

Criterios de cualificación:

Cada avaliación contará cunha nota que será conformada aproximadamente nun 85% polas unidades didácticas secuenciais correspondentes e noutro 15% pola porción da unidade transversal de estudo físico dos continentes. A nota final do curso será a media das tres avaliacións, polo que o resultado outorga a cada unidade ese aproximadamente ese 15% do valor total que se recolle na programación. Os instrumentos de avaliación serán de tres tipos:

- Probas escritas tipo exame, que ponde recoller contidos e criterios de avaliación de máis de unha unidade didáctica, e máis os exames de mapas físicos dos diferentes continentes
- Táboa de indicadores relativa á realización das tarefas cotiáns propostas ao alumnado, e de seguemento do traballo na libreta ou cartafol.

En cada avaliación deben realizarse cando menos unha proba escrita e recollese tamén a avaliación correspondente ao outro instrumento para conformar a nota final. Cada unidade didáctica valorarase a través da porcentaxe correspondente aos seus criterios de avaliación, sendo posible que unha única proba escrita valore CA presentes en distintas unidades, como sucede tamén coa táboa de indicadores relativa a exercicios ou libreta.

As probas escritas de cada unidade conformarán un exame, con preguntas variadas en función dos contidos e criterios a avaliar, que se puntuará unha escala 0-10. As táboas de indicadores (5% dentro de cada unidade) concretaranse en rúbricas de seguemento das tarefas e actividades cotiáns no caderno. específicas para cada tarefa que manteñan o seguinte esquema xenérico:

- 0% (non realiza a tarefa).
- 1% (realiza só unha parte menor da tarefa e/ou ten moitos erros graves).
- 2% (realiza a metade da tarefa e/ou ten moitos erros, pero non graves).
- 4% (completa a maior parte da tarefa e/ou ten erros puntuais e non graves).
- 5% (completa a tarefa correctamente).

O aprobado implica obter nas medias finais unha nota igual ou superior a 5 puntos, pero existe a posibilidade de redondeo á alza a partires do 4,5 para o que se terá en conta o esforzo e realización das tarefas cotiáns a partires das anotacións na táboa de indicadores. A concreción desta posibilidade é a seguinte:

- A persoa que realizou cando menos a metade das tarefas propostas poderá acceder ao redondeo a partires do 4,75 ou nota superior.
- A persoa que realizou cando menos o 75% das tarefas propostas poderá acceder ao redondeo a partires do 4,5 ou nota superior.

Isto repítese coa posibilidade de redondeo en toda a escala de 1 a 10.

Se a media das notas dun trimestre é igual ou superior a 5 ou cando menos acada o 4,5 e existe a posibilidade de redondeo á alza, non será necesario que a alumna ou alumno realice unha proba de recuperación. Terá de todos modos a oportunidade de recuperar, se o desexa, aquela unidade suspensa. Se na avaliación de inicios de xuño cumpre estas mesmas condicións tampouco terá necesidade de facer unha proba de recuperación final.

A nota de cada avaliación extráese da suma das porcentaxes de cada unidade didáctica impartida. A nota final do curso componse co mesmo procedemento, reaxustando as porcentaxes ao seu valor en relación ao 100% da nota final: cada unidade supón un 10%.

Criterios de recuperación:

Trala primeira e segunda avaliacións existirá a posibilidade de recuperar as unidades didácticas non aprobadas. En todo caso buscarase que as probas teñan o formato máis claro e accesible para o alumnado, o que pode implicar que un criterio antes avaliado cunha táboa de indicadores pase agora a avaliarse cun exercicio escrito, sempre que se considere que isto favorece ás posibilidades de recuperación. As probas de recuperación estarán adaptadas a cada alumna/o, entendendo as unidades didácticas como bloques compactos, independentemente do resultado concreto. Cada proba poderá conformarse polo tanto con contidos propios de cada unha das unidades non superadas. A nota obtida na proba corresponderá ao conxunto das porcentaxes das unidades avaliadas e sumarase ás porcentaxes das xa superadas. Debido aos cambios legais durante o curso, na terceira avaliación farase unha proba de recuperación propia, pois xa non existe un período dedicado aos proxectos. Esa proba final elaborárase segundo o mesmo esquema exposto para a primeira e segunda avaliacións. Recollerá contidos de todas as unidades didácticas non superadas ao longo do curso. A nota obtida nesta proba corresponderá á porcentaxe total das unidades didácticas incluídas nela, e sumarase logo ao resto de notas de cada unidade que xa estaba superada (en relación ás porcentaxes correspondentes) para calcular a nota definitiva da materia. O aprobado final seguirá os mesmos criterios xa expostos no apartado de criterios de cualificación en canto ao redondeo. Como xa queda recollido, non se dedicarán as últimas dúas semanas ao repaso do curso, proxectos, ou recuperación.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

No caso de 1º de ESO, este apartado non é aplicábel, pois a asignatura, así como o ciclo, comeza dende cero.

6. Medidas de atención á diversidade

O currículo caracterízase por ser aberto e flexible, co fin de permitir a adecuación á realidade do Centro, do alumnado e do profesorado. Non todos os alumnos e alumnas teñen a mesma capacidade, polo tanto, o seu nivel de coñecementos debe acadarse según as características individuais e de todos aqueles factores que dunha maneira ou outra inflúan na súa madurez persoal.

A atención á diversidade concrétese da seguinte forma:

- Realizandi test de coñecementos previos e reflexiónes iniciais sixelas a través das cales sexa doado detectar o nivel de coñecementos e motivación, o grao de interese dos alumnos e alumnas e, en consecuencia, calorar a atención que se debe prestar a cada un deles ou delas.
- Pranteando actividades de ensinanza e aprendizaxe variadas a partires das cales pódense detectar dificultades e particularidades no método de traballo. Cun amplo abanico de actividades diferentes en función da distinta natureza dos contidos, incrementaranse as posibilidades didácticas e enriquecerase o proceso de ensino-aprendizaxe.
- Diversificando os niveles de dificultade. É conveniente levar a cabo unha clasificación de actividades por niveles de dificultade para que o alumnado poida acceder a elas según as súas capacidades.
- Proponiendo modelos de exámenes cuxas probas atiendan á diversidade do alumnado, con preguntas non só de memorización, senon tamén outras máis prácticas ou que reflexen a adquisición de competencias.
- A atención á diversidade vai en dous sentidos, é dicir, tanto para aqueles alumnos cuxas capacidades e habilidades estean por debaixo da media do grupo como para aqueles que se atopan por enriba de dita media.
- Realizando adaptacións significativas e non significativas en todos aqueles casos que o precisen, sempre en colaboración co departamento de orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Respeto polo medio ambiente	X	X	X	X			X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.2 - Prevención da violencia			X	X	X	X	
ET.3 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da lectura			X	X	X	X	
ET.6 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación cívica			X	X	X	X	
ET.8 - Uso e comprensión das TIC	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Non discriminación por motivos étnicos, de xénero, de orientación e diversidade sexual, etc.	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Se ben coa LOMLOE algúns dos antigos elementos transversais son atopados especificamente dentro dos nosos contenidos da materia de Xeografía e Historia, isto non implica que non se podan traballar en outras unidades que non contén cos criterios ou contidos que os mencionan.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Visita ao centro arqueolóxico do Barbanza e ao castro de Baroña	Trátase dunha visita a un centro arqueolóxico da zona, cuxo obxectivo é coñecer o patrimonio arqueolóxico da zona e desenvolver actitudes de respecto cara el. No caso do castro de Baroña, o alumnado coñecerá un exemplo concreto do patrimonio histórico da zona, relativo aos contidos da Idade Antiga do terceiro trimestre.
Recepción de estudantes Erasmus+	O centro participa en varios proxectos de Erasmus+, e as actividades que se realizan poden afectar a varios cursos, mesmo 1º de ESO, aínda que as viaxes só sexan accesibles para os rapaces a partires de 3º de ESO

Observacións:

A maiores das saídas programadas, o curso estará aberto a todo tipo de actividades que poidan ser de interese, tanto realizadas fóra do centro como no interior, por exemplo o convite a persoas expertas que poidan participar nalgunha sesión co alumnado.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Coñezo a composición da clase.
Teño en conta a diversidade para organizar a clase.
A miña programación ten en conta a diversidade.
Dou a cada alumno e alumna a explicación que precisa.
Deseño exercicios con niveis diferentes en cada unidade.
Teño en conta aos alumnos que se afastan da media dos resultados (tanto por arriba como por abaixo).
Consulto a programación ó longo do curso e realizo modificacións en caso necesario.
Recollo na programación as competencias clave fundamentais.
Ao confeccionar a programación teño en conta as oportunidades que me ofrece o contexto.
Ao comenzo de cada unidade ou tarefa proporciono ós alumnos toda a información que necesitan (aspectos, obxectivos, competencias a desenvolver, etc..).
O alumnado traballa de forma variada nas miñas clases.
Os exercicios que propoño son diversos.
As metodoloxías que propoño son diversas e inclúen o traballo en grupos o uso das TIC.
Aproveito as sesións para desenvolver os obxectivos recollidos na programación.
Antes de comenzo unha unidade explico ós alumnos os criterios de avaliación.
Utilizo diferentes tipos de probas para a avaliación.
Unha vez rematada a unidade avalío a idoneidade dos recursos e as actividades empregadas.
Programo recuperacións dependendo dos resultados obtidos.
Na avaliación teño en conta diferentes competencias.
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
Conseguíuse crear unhas boas condicións para a aprendizaxe.
Existiu relación coas familias do alumnado.
Atendeuse a diversidade e necesidades educativas especiais do alumnado.
Avaliáronse de forma diversa e completa todas as actividades, incluíndo ás de grupo.
As explicacións na aula son axeitadas e inclúen a atención á diversidade.

As actividades e estratexias son variadas.
Poténciase a lectura e habilidades instrumentais de comprensión e expresión oral e escrita.
Incorpóranse as TIC na práctica docente.
Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada unidade
A avaliación é parte do proceso de ensino e aprendizaxe, non só un elemento finalista.
Implícome nas actividades de orientación e titoría.
As actividades de reforzo, recuperación ou ampliación son axeitadas.
Mantéño o ritmo das sesións previsto na programación. Remato as unidades no tempo previsto sen ter que renunciar a contidos e actividades.

Descrición:

Os indicadores de logro recollidos na listaxe anterior serán avaliados (auto-avaliados) mediante unha serie de táboas de indicadores que se corresponden cos seguintes epígrafes. Cada táboa contará coa súa escala de valoración. A maiores, un último indicador de logro refírese ao ritmo das clases e ao grao de cumprimento da programación nun sentido temporal.

ATENDEMOS A DIVERSIDADE

1 Qué fago para coñecer a composición da clase?

- Pasar unha proba a comenzo de curso
- Leo os informe anteriores
- Vexo os resultados da avaliación inicial
- Aportacións do Departamento de Orientación
- Reunións de grupo

2 Teño en conta a diversidade para organizar a clase

3 A miña programación ten en conta a diversidade

4 Dou a cada alumno e alumna a explicación que precisa

- En grupo grande
- En grupo pequeno
- De forma individual

5 Deseño exercicios con niveis diferentes en cada unidade

6 Teño en conta aos alumnos que se afastan da media dos resultados (tanto por arriba como por abaixo)

AVALIAMOS A PROGRAMACIÓN

1 Consulto a programación ó longo do curso e realizo modificacións en caso necesario

2 Recollo na programación as competencias clave fundamentais

3 Ao confeccionar a programación teño en conta as oportunidades que me ofrece o contexto

4 Ao comenzo de cada unidade ou tarefa proporciono ós alumnos toda a información que necesitan (aspectos, obxectivos, competencias a desenvolver, etc..)

VALORAMOS AS ACTIVIDADES DENTRO DA AULA

1 Os alumnos traballan da seguinte maneira nas miñas clases.

- De forma individual
- En grupos reducidos
- En grupos grandes

2 Os exercicios que propoño son do seguinte tipo

- Pechados, dirixidos, do libro, etc.
- Abertos, procedimentais, diversos, proxectos.
- Facilitan o traballo cooperativo

3 Na metodoloxía que aplico:

- Utilizo ferramentas TIC
- Propoño actividades para facilitar a aprendizaxe autónomo
- Baséome nas explicacións teóricas e no libro

4 Como paso as horas lectivas (promedio)

- Conseguindo silencio (cubriendo partes, facendo chamadas de atención, etc..)

- Impartindo teoría e explicacións
- Fomentando a participación e respondendo preguntas
- Observando

-Corrixindo ós alumnos e alumnas de xeito individual

AVALIACIÓN

1 Antes de comenar unha unidade explico ós alumnos os criterios de avaliación

2 Utilizo diferentes tipos de probas

-Exames escritos

-Exames orais

-Traballo individual

-Traballo en equipo

3 Unha vez rematada a unidade avalío a idoneidade dos recursos e as actividades empregadas

-Non

-De maneira individual

-No departamento.

-Na clase

4 Programo recuperacións dependendo dos resultados obtidos

5 Na avaliación teño en conta diferentes competencias

INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO

1 O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.

2 Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.

3 Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.

4 Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.

5 Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.

6 Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.

7 Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.

8 Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.

9 Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.

10 Usáronse distintos instrumentos de avaliación.

11 Dáse un peso real á observación do traballo na aula.

12 Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.

INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE

1 Habitualmente, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.

2 Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.

3 Elabóranse actividades atendendo á diversidade.

4 Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.

5 Combínase o traballo individual e en equipo.

6 Poténcianse estratexias de animación á lectura.

7 Poténcianse estratexias, tanto de expresión como de comprensión, oral e escrita.

8 Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino/aprendizaxe.

9 Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada unidade.

10 Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados dos traballos realizados.

11 Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección dos traballos.

12 Dáselle ao alumnado a posibilidade de comentar os seus acertos e erros.

13 Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.

14 As medidas de apoio, reforzo, etc están claramente vinculadas aos criterios de avaliación.

15 Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación, etc

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O profesorado realizará de xeito contínuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc.... todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte máis real, aplicable e operativa. Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens por avaliación trimestral, recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos, etc.. Toda esta información xunto coa referida aos contidos, metodoloxía, avaliación, etc., será valorada polo docente e os/as membros do Departamento indicando, sobre todo,

as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.). De todo isto se elaborará un informe detallado nas actas do departamento. Para avaliar o proceso de ensino deben empregaranse os indicadores de logro establecidos na programación e comprobar o seu grao de cumprimento. Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora que fosen necesarias poñer en práctica nos cursos sucesivos, procurando ir axustando a programación á temporalidade e á realidade.

9. Outros apartados